



ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023/2024

CENTRO: IES DE CATABOIS
CURSO: 2023-24
DEPARTAMENTO: **ORIENTACIÓN**
DATA: 08-09-23



1. INTRODUCCIÓN

2. ANÁLISE DE NECESIDADES

2.1. ADAPTACIÓN DO PAT

2.2. ADAPTACIÓN DO POAP



1. INTRODUCCIÓN

Neste documento recóllense as modificacións e adaptacións que se van facer no PAT e no POAP para este curso escolar 2023-24.

Tense en conta para a súa elaboración a lexislación educativa relativa á Orientación, en especial a Orde ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, e os Decretos: 156/2022 polo que se establece o currículo da ESO, e Orde 26 maio de 2023 que desenvolve o anterior decreto e regula a avaliación na ESO, e o Decreto 157/2022 polo que se establece o currículo de Bacharelato, e Orde 26 maio de 2023 que desenvolve o anterior decreto e regula a avaliación no Bacharelato.

2. ANÁLISE DE NECESIDADES

Este curso escolar, é o terceiro no que se imparte a nova etapa educativa de Bacharelato, e tras consultar a memoria do departamento, e a avaliación do plan de acción tutorial seguidos o pasado curso, detectamos as seguintes necesidades:

- Continuar coa liña de acción tutorial, e que todo o profesorado titor traballe as actividades de tutoría propostas, en prol do beneficio do alumno/a en particular e do grupo en xeral.
- Continuar coa liña de tutoría no Bacharelato, e deseñar actividades específicas para este alumnado cando sexa preciso, especialmente dirixidas á Orientación Académica e Profesional.
- Seguir atendendo ás necesidades de desenvolvemento persoal do alumnado.
- Seguir fomentando no alumnado o desenvolvemento de habilidades sociais e a resolución non violenta dos conflitos.
- Mellorar, si cabe, a integración escolar, a convivencia entre o alumnado e, principalmente evitar o acoso escolar: Continuar co programa TEI.
- Seguir promovendo valores igualitarios que contribúan á erradicación da violencia de xénero.
- Continuar fomentado a participación e colaboración das familias: en relación co traballo persoal dos seus fillos/as (organización do tempo estudo na casa...), loitando por evitar o abandono escolar, e abordando conxuntamente as posibles situacións contrarias ás normas de convivencia.

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 2 DE 28	IES DE CATABOIS
---	----------------	-----------------



2.1. ADAPTACIÓN DO PAT

Priorizaranse os seguintes obxectivos:

REFERIDOS AO ALUMNADO.

- Facilitar a integración no seu grupo e no centro.
- Axudar no desenvolvemento integral do alumnado, priorizando os ámbitos persoal, social e afectivo.
- Ter en conta ás características individuais do alumnado e dar resposta ás súas necesidades.
- Realizar un seguimento personalizado do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.
- Axudar e informar ao alumnado no proceso de toma de decisións académicas.
- Fomentar o desenvolvemento das oito competencias clave no alumnado: comunicación lingüística; plurilingüe; matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería; dixital; persoal, social e aprender a aprender; cidadana; emprendedora; e conciencia e expresión cultural.
- Informar ao alumnado do seu grupo sobre cuestións e actividades académicas e lúdicas que poden facer, e fomentar a súa participación.

OBXECTIVOS REFERIDOS AO EQUIPO DOCENTE.

- Colaborar e facilitar a súa labor tanto coas familias como co alumnado.
- Coordinar a labor do equipo docente e informalo sobre cuestións relevantes do alumnado do seu grupo.
- Levar aos equipos docentes as opinións e dificultades do grupo, proponendo obxectivos concretos e pautas de actuación para solventar dificultades ou mellorar actuacións.
- Promover o traballo en equipo do profesorado, en relación coa súa titoría, ea implicación do resto do equipo docente na función orientadora.
- Colaborar co departamento de orientación.

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 3 DE 28	IES DE CATABOIS
---	----------------	-----------------



OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIAS.

- Contribuír ao establecemento de relacións fluídas centro-familia.
- Implicar e axudar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Orientar ás familias sobre a forma de abordar os problemas que podan xurdir.
- Informar ás familias sobre a organización do curso e da marcha do grupo.
- Informar sobre a evolución de cada alumno/a en particular.
- Asesorar sobre a educación dos seus fillos/as e as opcións académico-profesionais.

LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

Para acadar eses obxectivos expoño as seguintes liñas xerais de actuación:

- Reunións presenciais semanais cos tutores/as e con Xefatura de Estudos, habendo tamén contacto periódico por correo electrónico ou videoconferencia (de ser necesario).
- Actuacións directas dos/das tutores/as coas canles que eles establezan: atención individual con cada alumno/a e coas familias.
- Actuacións co grupo-clase, na hora semanal de tutoría, (de ser necesario farase a tutoría de xeito virtual a través de Webex, Falemos ou doutra plataforma).
- Atencións individuais con cada un dos/das alumnos/as e coas súas familias cando sexa preciso, a través do correo electrónico, teléfono...
- Coordinación co equipo docente, mediante reunións presenciais, correo electrónico, reunión virtual Webex, Falemos, ou plataforma que determine a Consellería.
- Actuacións directas da orientadora en actividades concretas.
- Reunións grupais coas familias, e tamén de xeito individual con cita previa. De ser necesario reunións grupais serán de xeito virtual a través das plataformas Webex, Falemos, ou calquera outra que habilite a Consellería.

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 4 DE 28	IES DE CATABOIS
---	----------------	-----------------



CONTIDOS

Agrúpanse nos seguintes bloques temáticos:

- Autoconcepto, autoestima, emocións, empatía, asertividade e responsabilidade individual.
- Integración do alumnado no grupo.
- Habilidades sociais e comunicativas, valores e resolución non violenta dos conflitos.
- Motivación, hábitos de estudo e Técnicas de Traballo Intelectual (TTIs).
- Programas específicos: TEI, Habilidades Sociais, Educación emocional, prevención acoso escolar, prevención de consumo de substancias nocivas, diversidade afectivo-sexual, etc.
- Incorporación de contidos relacionados coa a igualdade real entre homes e mulleres.
- Promover valores igualitarios que contribúan á erradicación da violencia de xénero.
- Orientación Académica e profesional: autocoñecemento, coñecemento das opcións académicas e profesionais. Toma de decisións.
- Orientación ás familias.
- Sesións de avaliación.

PLANIFICACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL.

As actividades que se propoñen para a consecución dos obxectivos fixados neste plan concrétanse de seguido e teñen un carácter flexible e revisable. Están agrupadas en tres períodos que se corresponden cos tres trimestres lectivos, aínda que haberá que ter en conta que algunha delas se desenvolverá ao longo de todo o curso. Refléctese o axente encargado da súa realización (*).

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 5 DE 28	IES DE CATABOIS
---	----------------	-----------------



Importante.- Tanto os temas transversais como os programas externos que se traballen realizaranse en función das necesidades detectadas nas respectivas titorías.

(*) Axentes: 1) Titor/a, 2) Equipo docente, 3) Orientador/a, 4) Director/a, 5) Axente externo

Priorizaráse para este curso as actividades destinadas a:

- Manter un bo estado emocional.
- Actividades para organizar as actividades escolares. Como autorregular a súa aprendizaxe. Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos diarios de estudo.
- Contacto coas familias, interese polo estado de saúde e polo aspecto emocional.
- Información ás familias, pautas actuación, guías explicativas.
- Seguimento das MAD.
- Orientación Académica e Profesional segundo o nivel no que se atopan.
- Sesión avaliación.
- Informes individualizados, consello orientador e demais documentación.

1ºESO

PRIMEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Distribución e asignación de titorías.	4
Recollida de información sobre o alumnado do seu grupo.	1 e 3
Organización da acollida e da volta ao IES, priorizac. aspecto emocional	1,2,3, 4
Valorac. cualitativa que permita coñecer o estado emocional do alumnado	1,3
Actividades de ed. para a saúde: de ser necesario prevención fronte a COVID-	1,2,3,4,
Presentación e información xeral sobre o centro e o curso.	1
Actividades de coñecemento dos compañeiros/as. Presentación.	1
Preparación da elección do delegado/a.	1
Información sobre deberes e dereitos do alumnado e do profesorado.	1
Información sobre os criterios de avaliación.	2
Normas da aula: acordos e participación na redacción definitiva	1
Programa TEI	1 e 3
Inscripción e participación en programas e actividades ofertadas.	1, 2 e 3




Programa de habilidades sociais	1 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos diarios de estudo	1 e 3
Reunión acollida coas familias (informacións e pautas actuación).	1 e 4
Reunión/contacto individual con cada familia (según plan de Adaptación)	1
Sesión de avaliación inicial. MAD	1, 2 e 3
Realización dun sociograma.	1 e 3
20 Nov.: día internacional da Infancia.	1
25 Nov.: Día internacional contra a violencia de xénero.	1
1 Dec.: Día internacional da SIDA	1
3 Dec.: Día internacional das persoas con discapacidade.	1
10 Dec.: Declaración universal dereitos humanos	1
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Autoavaliación do 1º trimestre de titoría. (Obxectivos para o 2º trimestre).	1

SEGUNDO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 1ª avaliación.	1
Actividades sobre valores: 30 Xaneiro: día escolar da non violencia e da paz.	1
Normas de aula/centro: seguimento.	1
Continuación coas actividades de ed. para a saúde	1,2,3,4
Continuación co programa TEI.	1 e 3
Participación en actividades e programas.	1, 2 e 3
Titoría: programa de habilidades sociais	1 e 5
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo	1, 2 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Continuación coas técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3
Reunión/contacto individual con cada familia.	1
Preparación do entroido	1
8 Marzo: Día internacional da muller	1
Coidado e limpeza do entorno	1 e 5
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Autoavaliación do 2º trimestre de titoría. Obxectivos para o 3º trimestre.	1

TERCEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 2ª avaliación.	1
Normas de aula/centro: seguimento.	1
Continuación coas actividades de ed. para a saúde	1,2,3,4,
Programa TEI	1 e 3
7 abril: día mundial da saúde	1



8 abril: día internacional do pobo xitano	1
2 maio: día internacional loita contra o acoso escolar	1
Participación en actividades e programas.	1, 2 e 3
Titoría: programa de habilidades sociais	1 e 5
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo.	1, 2 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3
C o n t a c t o individual con cada familia	1 e 3
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Informes individualizados, consello orientador e demais documentación	1
Autoavaliación do 3º trimestre de titoría.	1

2º ESO

PRIMEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Distribución e asignación de titorías.	4
Recollida de información sobre o alumnado do seu grupo.	1 e 3
Organización da acollida e da volta ao IES, priorizac. aspecto emocional	1,2,3, 4
Valorac. cualitativa que permita coñecer o estado emocional do alumnado	1,3
Actividades de ed. para a saúde, de ser necesario prevención fronte a COVID-	1,2,3,4,
Presentación e información xeral sobre o centro e o curso.	1
Información sobre os criterios de avaliación	2
Normas da aula: acordos e participación na redacción definitiva	1
Inscripción en programas e actividades ofertadas. Participación nas mesmas.	1, 2 e 3
Programa de habilidades sociais	1 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos diarios de estudo	1 e 3
Reunión acollida coas familias (informacións e pautas de actuación).	1 e 4
Reunión/contacto individual con cada familia	1
Sesión de avaliación inicial. MAD	1, 2 e 3
Comezo da OAP	1 e 3
Coidado e limpeza do entorno	1,3 e 5
20 Nov.: día internacional da Infancia.	1
25 Nov.: Día internacional contra a violencia de xénero.	1
1 Dec.: Día internacional da SIDA	1
3 Dec.: Día internacional das persoas con discapacidade.	1
10 Dec.: Declaración universal dereitos humanos	1 e 2
Autoavaliación do 1º trimestre de titoría. Obxectivos para o 2º trimestre.	1



SEGUNDO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 1ª avaliación.	1
Continuación coas actividades de ed. para a saúde	1,23,4,
Actividades sobre valores: 30 Xaneiro: día escolar da non violencia e da paz.	1
Normas de aula/centro: seguimento.	1
Participación en actividades e programas.	1, 2 e 3
Programa de habilidades sociais	1 e 5
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo	1, 2 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3
Continuación da Orientación Académica e profesional	1 e 3
Reunión contacto individual con cada familia.	1
Preparación do entroido	1
8 Marzo: Día internacional da muller	1
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Autoavaliación do 2º trimestre de titoría. Obxectivos para o 3º trimestre.	1

TERCEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 2ª avaliación.	1
Normas de aula/centro: seguimento.	1
Continuación coas actividades de ed. para a saúde	1,23,4,
7 abril: día mundial da saúde	1
8 abril: día internacional do pobo xitano	1
2 maio: día internacional loita contra o acoso escolar	1
Participación en actividades e programas.	1, 2 e 3
Programa de habilidades sociais	1 e 5
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo.	1, 2 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3
Actividades de orientación académica e profesional	1,3 e 5
Reunión/contacto individual con cada familia.	1
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Cubrir os informes individualizados, consello orientador e demais documentación	1
Autoavaliación do 3º trimestre de titoría.	1



3º ESO A e 3º PDC.

PRIMEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Distribución e asignación de titorías.	4
Recollida de información sobre o alumnado do seu grupo.	1 e 3
Organización da acollida e da volta ao IES, priorizac. aspecto emocional	1,2,3,4,
Valorac. cualitativa que permita coñecer o estado emocional do alumnado	1,3,
Actividades de ed. para a saúde, de ser necesario prevención fronte a COVID	1,2,3,4,
Presentación e información xeral sobre o centro e o curso.	1
Normas da aula: acordos e participación na redacción definitiva	1
Programa TEI	1 e 3
Inscripción en programas e actividades ofertadas. Participación nas mesmas.	1, 2 e 3
Hábitos de vida saudable: educación afectivo-sexual.	1
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos diarios de estudo	1 e 3
Reunión acollida coas familias (informacións e pautas de actuación).	1 e 4
Reunión/contacto individual con cada familia	1,3,
Inicio da Orientación Académica e Profesional	1 e 3
Sesión de avaliación inicial. MAD	1, 2 e 3
20 Nov.: día internacional da Infancia.	1
25 Nov.: Día internacional contra a violencia de xénero.	1
1 Dec.: Día internacional da SIDA	1
3 Dec.: Día internacional das persoas con discapacidade.	1
10 Dec.: Declaración universal dereitos humanos	1 e 2
Autoavaliación do 1º trimestre de titoría. Obxectivos para o 2º trimestre.	1

SEGUNDO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 1ª avaliación.	1
Continuación coas actividades de ed. para a saúde	1,2,3,4
Actividades sobre valores: 30 Xaneiro: día escolar da non violencia e da paz.	1
Normas de aula/centro: seguimento.	1
Participación en actividades e programas.	1, 2 e 3
Hábitos de vida saudable: educación afectivo-sexual.	1 e 5
Coidado e limpeza do entorno	1,3 e 5
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo	1, 2 e 3
Continuación co Programa TEI	1 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3



Continuación coa OAP, cuestionario intereses profesionais	3
Reunión/contacto individual con cada familia	1
Preparación do entroido	1
8 Marzo: Día internacional da muller	1
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Autoavaliación do 2º trimestre de titoría. Obxectivos para o 3º trimestre.	1

TERCEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 2ª avaliación.	1
Continuación coas actividades de ed. para a saúde	1,2,3,4,
Normas de aula/centro: seguimento.	1
Participación en actividades e programas.	1, 2 e 3
Continuación co Programa TEI	1 e 3
7 abril: día mundial da saúde	1
8 abril: día internacional do pobo xitano	1
2 maio: día internacional loita contra o acoso escolar	1
Hábitos de vida saudable: educación afectivo-sexual.	1 e 5
Coñecemento dos itinerarios académicos de 4º e dos estudos posteriores.	1 e 3
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo.	1, 2 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3
Reunión/contacto individual con cada familia	1
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Cubrir informes individualizados, consello orientador e demais documentación	1
Autoavaliación do 3º trimestre de titoría.	1

4º ESO e 4º PDC

PRIMEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Distribución e asignación de titorías.	4
Recollida de información sobre o alumnado do seu grupo.	1 e 3
Organización da acollida e da volta ao IES, priorizac. aspecto emocional	1,2,3,4,
Valorac. cualitativa que permita coñecer o estado emocional do alumnado	1,3
Actividades de ed. para a saúde, de ser necesario actuación fronte a COVID	1,2,3,4,
Presentación e información xeral sobre o centro e o curso.	1
Normas da aula: acordos e participación na redacción definitiva	1



De ser necesario Programa TEI	1 e 3
Inscripción en programas e actividades ofertadas. Participación nas mesmas.	1, 2 e 3
Hábitos de vida saudable: educación afectivo-sexual.	1 e 5
Actividades de orientación académico-profesional.	1, 3 e 5
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos diarios de estudo	1 e 3
Reunión colectiva coas familias (informacións e pautas de actuación).	1 e 4
Reunión/contacto individual con cada familia	1
20 Nov.: día internacional da Infancia.	1
25 Nov.: Día internacional contra a violencia de xénero.	1
1 Dec.: Día internacional da SIDA	1
3 Dec.: Día internacional das persoas con discapacidade.	1
10 Dec.: Declaración universal dereitos humanos	1, 2 e 3
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Autoavaliación do 1º trimestre de titoría. Obxectivos para o 2º trimestre.	1

SEGUNDO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 1ª avaliación.	1
Continuación coas actividades de ed. para a saúde	1,2,3,4,
Actividades sobre valores: 30 Xaneiro: día escolar da non violencia e da paz.	1
Continuación coa Orientación Académica e Profesional	1, 3
Normas de aula/centro: seguimento.	1
De ser necesario continuación co Programa TEI	1 e 3
Participación en actividades e programas.	1, 2 e 3
Hábitos de vida saudable: educación afectivo-sexual.	1 e 5
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo.	1, 2 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3
Reunión/contacto individual con cada familia	1
Preparación do entroido	1
8 Marzo: Día internacional da muller	1
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Autoavaliación do 2º trimestre de titoría. Obxectivos para o 3º trimestre.	1

TERCEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 2ª avaliación.	1
Continuación coas actividades de ed. para a saúde	1,2,3,4,
Normas de aula/centro: seguimento.	1
De ser necesario continuación co Programa TEI	1 e 3



Participación en actividades e programas.	1, 2 e 3
Coidado e limpeza do entorno	1,3 e 5
7 abril: día mundial da saúde	1
8 abril: día internacional do pobo xitano	1
2 maio: día internacional loita contra o acoso escolar	1
Hábitos de vida saudable: educación afectivo-sexual.	1 e 5
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo.	1, 2 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3
Coñecemento opcións ao rematar a ESO: Bach, FP...	3
Visitas virtuais ao IES Leixa, e outros IES da zona. Visita virtual ao campus de	1,3 e 5
Reunión/contacto individual con cada familia	1, 2, 3
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Informes individualizados, consello orientador e demais documentación	1
Autoavaliación do 3º trimestre de titoría.	1

Programas formativos (Industrias alimentarias e Comercio-Almacén)

PRIMEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Distribución e asignación de titorías.	4
Recollida de información sobre o alumnado do seu grupo.	1 e 3
Organización da acollida e da volta ao IES, priorizac. aspecto emocional	1,2,3 e 4
Valorac. cualitativa que permita coñecer o estado emocional do alumnado	1 e 3
Actividades de ed. para a saúde: prevención, hixiene fronte a COVID-19	1,2,3 e 4
Actividades de coñecemento dos compañeiros. Presentación.	1
Cuestionario inicial de datos.	1
Preparación da elección do delegado/a.	1
Información sobre deberes e dereitos do alumnado e do profesorado.	1
Estratexias de resolución de conflitos.	1, 3 e 5
Información sobre os criterios de avaliación.	2
Normas da aula: acordos e participación na redacción definitiva	1
Educación vial: prevención de accidentes.	1 e 5
Actividades de orientación académico-profesional.	1, 3 e 5
Tratamento dos temas transversais (segundo as necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos diarios de estudo	1 e 3
Actividades para o desenvolvemento das habilidades comunicativas.	1, 3 e 5
Entrevistas individualizadas de coñecemento do/da alumno/a	1
Sesión de avaliación inicial.	1, 2 e 3
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Autoavaliación do 1º trimestre de titoría. Obxectivos para o 2º trimestre.	1



SEGUNDO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 1ª avaliación.	1
Normas de aula/centro/empresa: seguimento. Responsabilidade individual	1
Estratexias de resolución de conflitos.	1, 3 e 5
Educación para a saúde: primeiros auxilios.	1 e 5
Educación para a saúde: nutrición.	1 e 5
Educación para a saúde: prevención consumo drogas.	1 e 5
Actividades de orientación académico-profesional.	1, 3 e 5
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo.	1, 2 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3
Actividades para o desenvolvemento das habilidades comunicativas.	1, 3 e 5
Seguridade na web. Redes sociais.	1 e 5
Cooperativismo. Traballo en grupo.	1 e 5
Coñecemento do tecido empresarial da zona.	1 e 5
Entrevistas individuais co alumnado e familias.	1 e 3
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Autoavaliación do 2º trimestre de titoría. Obxectivos para o 3º trimestre.	1


TERCEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
Análise dos resultados da 2ª avaliación.	1
Normas de aula/centro/empresa: seguimento. Responsabilidade individual.	1
Estratexias de resolución de conflitos.	1, 3 e 5
Participación en actividades e programas.	1, 2 e 3
Actividades de orientación académico-profesional.	1, 3 e 5
Seguimento académico e das MAD do alumnado do grupo.	1, 2 e 3
Programas específicos (segundo necesidades detectadas).	1, 3 e 5
Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos de estudo.	1 e 3
Activades para o desenvolvemento das habilidades comunicativas.	1, 3 e 5
Entrevistas individualizadas co alumnado e familias.	1 e 3
Sesión de avaliación. Información de resultados (alumnado e familias).	1 e 2
Cubrir os informes individualizados e demais documentación.	1
Autoavaliación do 3º trimestre de titoría.	1



BACHAREALTO

ACTIVIDADES TITORIAIS	AXENTE
<p>PRIMEIRO TRIMESTRE</p> <p>1- Actividades relacionadas coa recepción do grupo-clase, acollida.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentación do profesorado titor, profesorado do grupo de alumnos/as e do horario a seguir - Coñecemento do centro: organigrama e edificio - Reunión informativa coas familias do grupo-clase - Discusión democrática dos candidatos a delegados - Elección democrática dos encargados de clase <p>2- Actividades de intervención individual, en relación coas necesidades educativas detectadas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación e Técnicas de Traballo Instrumental - Cuestionario de Intereses Profesionais. <p>3- Inicio da OAP</p> <p>4- Actividades relacionadas coa avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pre-avaliación co alumnado antes da sesión de avaliación para acordar as medidas a adoptar. - Sesión de avaliación - Burocracia de avaliación - Comunicación dos resultados da avaliación ás familias <p>SEGUNDO TRIMESTRE</p> <p>1- Actividades relacionadas cos resultados da avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Posta en marcha dos cambios nos programas en relación aos resultados da avaliación realizada a nivel de grupo - Posta en marcha das medidas de reforzo individual en relación coa avaliación realizada <p>2- Asesoramento vocacional, centrado nas opcións existentes e no proceso de Toma de Decisións</p> <p>Programas de orientación Vocacional dirixido a facilitar a auto-orientación na elección académica ou profesional ao rematar o Bacharelato que abrangue tres aspectos básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento de sí mesmo - Coñecemento das opcións - Proceso de Toma de Decisións 	<p>1,2, 3,4</p> <p>1,2,3,4,</p> <p>3</p> <p>1,2,3,4</p> <p>1,2,3,4</p> <p>3</p>



<p>3- Xornadas de Orientación Profesional e Académica</p>	<p>3,5</p>
<p>4- Actividades relacionadas coa avaliación: As mesmas que as indicadas no Primeiro Trimestre</p>	<p>1,2,3,4,</p>
<p>TERCEIRO TRIMESTRE</p>	
<p>1. Continuación da OAP:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de Información académica: Os itinerarios de 2º de Bach. e o seu vínculo con estudos posteriores. - Actividade de Toma de decisións: Enquisa “elección do itinerario en 2º curso de bacharelato”. 	<p>1,2,3,4</p>
<p>2. ENTREVISTAS INDIVIDUAIS CON ALUMNADO/FAMILIAS.</p>	<p>3,1,</p>
<p>3. POST- AVALIACIÓN: Informar ó alumnado sobre os acordos tomados na sesión da avaliación. Entrega de notas</p>	<p>1,2,3,4</p>



METODOLOXÍA.

A comezos de curso preséntaselles aos titores/as os eixos e accións esenciais do PAT. As actividades que se propoñen están secuenciadas ao longo do curso, repartidas nos tres trimestres e atendendo ás diferentes necesidades e intereses de cada un dos niveis educativos.

A súa finalidade fundamental é a de fomentar a cohesión do grupo mellorando: as relacións interpersonais, o coñecemento mutuo, a cooperación entre o alumnado, e a reflexión acerca do momento evolutivo no que se atopan.

Pretendemos que o noso PAT sexa un marco aberto e flexible e que os obxectivos do mesmo poidan ser traballados a través de diferentes actividades en función das necesidades detectadas e das características particulares de cada grupo.

Os/as titores/as programarán as actividades que resulten máis apropiadas baixo a coordinación do/da Xefe/a de estudos e a colaboración do Departamento de Orientación.

As actuacións co alumnado buscarán a participación activa do mesmo, para o cal utilizaremos a seguinte metodoloxía:

- cuestionarios xerais e específicos,
- traballo en pequeno e gran grupo,
- debates, exposicións e postas en común,
- entrevistas individuais,
- redaccións e exercicios escritos,
- técnicas de simulación de situacións,
- aplicación de técnicas específicas de traballo intelectual,
- implicación de axentes externos,
- metodoloxía do programa TEI,

As actuacións co profesorado partirán dunha metodoloxía de traballo en grupo, principalmente a través de reunións e postas en común.

As actividades coas familias serán basicamente a través de contactos

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 17 DE 28	IES DE CATABOIS
---	-----------------	-----------------



individuais (telefónicos ou presenciais), por correo electrónico, videoconferencia, e tamén planificando reunións colectivas. Cando sexa preciso entregaráselles formularios ou cuestionarios para a súa cumprimentación, ou se lles enviarán cartas e circulares informativas.

As actuacións cos diferentes axentes implicados: alumnado, familias, equipos docentes, axentes externos (FSG, Servizos Sociais...) serán basicamente mediante reunións presenciais, contactos a través de teléfono, correo electrónico, videoconferencias a través da plataforma Webex, Falemos ou calquera outra que indique a Consellería, a través da páxina web do IES, e a través Aula Virtual do centro.

Recursos materiais.- elaborados na súa maioría pola Orientadora adaptados aos diferentes niveis, empregando nestes momentos o formato dixital, así como selección de recursos na rede das diferentes temáticas.

AVALIACIÓN DO PLAN.

Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación realizarán o seguimento e avaliación do PAT.

AVALIACIÓN CONTINUA

A Orientadora fará un seguimento das actividades realizadas atendendo aos seguintes criterios:

- Valoración que fai o alumnado
- Valoración do TEI
- Valoración que fan os titores/as das actividades realizadas.

AVALIACIÓN FINAL

Finalizado o curso, procederase a realizar unha avaliación de carácter sumativo, que conduza ao mantemento, modificación ou eliminación dalgunha actividade, tendo en conta os seguintes criterios:

- Satisfacción por parte de titores/as, alumnos/as e familias
- Calidade dos procesos de interacción entre os participantes
- Adecuación das actividades propostas

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 18 DE 28	IES DE CATABOIS
---	-----------------	-----------------



- Adecuación dos materiais aportados
- Avaliación do TEI no caso de poder ser levado a cabo.

NIVEIS DA AVALIACIÓN

1. Valoración por parte dos usuarios: alumnado, familias.
2. Valoración do equipo de titores/as
3. Valoración do Departamento de Orientación

Como técnicas de avaliación empregárase a observación, e valoración dos participantes.

Como resultado da mesma realizaranse as modificacións do programado que sexan precisas. As modificacións realizadas, a súa xustificación e a proposta de actualización do PAT incorporárase á memoria do Departamento de Orientación.

2.2. ADPTACIÓN DO POAP

Mantense o POAP sen ningún cambio, coa excepción de que se programan actividades para a etapa educativa do Bacharelato, e se adiantarán as actividades ao 1º trimestre.

OBXECTIVOS

Mantéñense os seguintes obxectivos xerais:

- Lograr un mellor coñecemento de si mesmo por parte do alumnado mediante a reflexión sobre aqueles aspectos básicos para a toma de decisións vocacionais: habilidades, aptitudes, valores, intereses...
- Coñecer as diferentes opcións que se lle ofrecen e recoñecer as máis axeitadas, tendo en conta as propias características e posibilidades.
- Proporcionar información ás familias de forma que contribúan de xeito adecuado no proceso de orientación dos seus fillos e fillas.

Mantéñense os seguintes obxectivos específicos:

- Coñecer as características dos itinerarios formativos e os requisitos das ocupacións e das profesións.

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 19 DE 28	IES DE CATABOIS
---	-----------------	-----------------



- Coñecer as relacións entre as características persoais e os requisitos académico-profesionais.
- Valorar e recoñecer certas aptitudes e destrezas para os diferentes traballos.
- Saber recoller e interpretar información vocacional e tomar decisións.

OBXECTIVOS RELACIONADOS CO ALUMNADO

- Potenciar o autoconecemento no alumno/a de capacidades, habilidades, destrezas, preferencias, intereses, así como elementos da súa personalidade (autoconceito, autoestima...).
- Dar a coñecer os diferentes itinerarios educativos.
- Asesorar na toma de decisións.
- Poñer en coñecemento do alumnado información relativa ó mundo laboral.

OBXECTIVOS RELACIONADOS COAS FAMILIAS

- Facilitar o axuste entre as expectativas que teñen respecto os seus fillos/as e os intereses destes.
- Establecer liñas de colaboración co departamento de orientación para facilitar a toma de decisións dos seus fillos e fillas.
- Informar sobre os itinerarios formativos e as opcións educativas.
- Manter contactos coas familias: correo electrónico, telefónico, videoconferencias e reunións presenciais.

OBXECTIVOS RELACIONADOS CO PROFESORADO

- Asesorar e coordinar ós/as titores/as no desempeño da acción orientadora.
- Facilitarlles recursos materiais e a información que precisen.

OBXECTIVOS RELACIONADOS CON OUTROS CENTROS

- Colaborar cos servizos externos do centro (Servizo Galego de Colocación, Centro de Formación Ocupacional, Concello, Servizos Sociais, IGAPE, etc)
- Manter contactos con outros IES, CIUG, Universidades, servizos de información aos estudantes das diferentes Universidades... para informar da súa oferta educativa.



CONTIDOS

- a) Toma de decisións sobre distintos itinerarios e opcións formativas:
- coñecemento das distintas opcións
 - Optatividade en 3º da ESO
 - Elección de itinerarios en 4º da ESO
 - O Bacharelato:
 - o Modalidade de artes
 - o Modalidade ciencia e tecnoloxía
 - o Modalidade de humanidades e ciencias sociais
 - o Modalidade xeral
 - A Formación Profesional:
 - o Básica
 - o Grao Medio
 - o Grao Superior
 - As ensinanzas especiais e de adultos:
 - o Ensinanzas deportivas
 - o Ensinanzas de adultos
 - o Ensinanzas de idiomas
 - o Ensinanzas artísticas(Música, ensinanzas superiores de Música, Danza, Arte Dramático, Artes Plásticas e Deseño, ensinanzas superiores de deseño e ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais)
- b) Estrutura do mundo socio-laboral
- o grupos vocacionais e mundo ocupacional
 - o opcións existentes no entorno socio-laboral próximo
 - o rutas de acceso ao mundo ocupacional
- c) Coñecemento persoal
- o desenvolvemento vocacional: intereses e preferencias
 - o aptitudes ou capacidades básicas
 - o madurez vocacional
- d) Coñecemento sobre os procesos decisionais
- o compoñentes do problema decisional



- o condicionantes decisoriais fronte as situacións de incerteza e/ou ambigüidade
- e) Estratexias de búsqueda de información vocacional
- f) Estratexias de análise e avaliación da información.
- g) Estratexias de resolución de problemas decisoriais en situacións de incerteza e/ou ambigüidade.
- h) Actuacións que fomenten a igualdade no acceso aos diferentes estudos ou profesións, con accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade.
- i) Reflexibilidade fronte a impulsividade na recompilación, análise e avaliación da información.
- j) Asunción da propia responsabilidade no proceso de busca de información e toma de decisión.

METODOLOXÍA

A Orientadora será a facilitadora dos contidos se é posible presencialmente, ou se non a través da aula virtual, onde estarán colgados todos os recursos e a información necesaria. Recorrérase tamén a titorías virtuais a través das distintas plataformas, e/ou a través das consultas individuais que podan facer tanto o alumnado como as familias.

ACTIVIDADES

Deseñaranse actividades para que o alumnado teña coñecemento das diferentes opcións que se lle presentan.

En 2º da ESO:

A información aquí terá relación directa coas materias optativas de 3º e abranguerá cando menos:

- obxectivos das materias
- metodoloxía de traballo
- relación con estudos anteriores e posteriores



En 3º da ESO:

A información irá dirixida a coñecer as distintas optativas e as distintas opcións que poden cursar no 4º curso, dando información referente a:

- obxectivos das materias
- metodoloxía de traballo
- relación con estudos anteriores e posteriores

En 4º da ESO:

Darase información referente á toma de decisións relativas ó remate da etapa.

a) Mundo laboral

- posibilidades de traballo no entorno
- estratexias de busca de emprego
- contratación e inserción laboral
- habilidades sociais imprescindibles

b) Ciclos Formativos de F.P.

- condicións de acceso
- localización xeográfica dos ciclos
- duración
- titulación e saídas

c) Bacharelato

- estrutura
- itinerarios ata a universidade
- modalidades: artes, ciencia e tecnoloxía, humanidades e ciencias sociais e xera.
- opcións e optativas.
- Bacharelato e ciclos Formativos de Grao Superior
- Bacharelato Internacional
- Bacharelato de adultos



En 1º Bacharelato: daráselles información sobre o seguinte:

- Análise curricular das distintas materias
- Opcións para o 2º curso, optativas, cambio de modalidade, dobre vía
- Saídas académicas e profesionais ao rematar o bacharelato
- Análise dos estudos e formación vinculados á opción preferida
- ABAU: estrutura: partes obrigatoria e voluntaria (parámetros ponderación e vinculacións)
- Materias vinculadas aos respectivos Ciclos Formativos de Grao Superior
- Estudo do mundo laboral

En 2º curso de Bacharelato daráselles información sobre o seguinte:

- Saídas académicas e profesionais ao rematar este curso, requisitos das diversas opcións, opción universitaria, opción FP de Grao Superior, mundo laboral.
- Análise dos estudos ou formación preferida por cada alumno ou alumna
- ABAU: estrutura: partes obrigatoria e voluntaria (parámetros ponderación e vinculacións)
- Aplicación NERTA.
- Estratexias de inserción no mundo do traballo.
- Becas e bolsas de estudos.

TOMA DE DECISIONS

A toma de decisións ten dúas partes diferenciadas: unha primeira centrada na elección de optativas e/ou itinerarios formativos e unha segunda na opción ao rematar a ESO ou o Bacharelato.

A) Decidir que optativas/itinerarios formativos

- facilitando ao grupo un esquema básico para a decisión
- ofrecendo a alumnado, familias e titores o asesoramento necesario

B) Decidir que opción tomar ao rematar a ESO.

- dando a información necesaria
- asesoramento individualizado: tanto ao alumnado como ás familias e aos titores.

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 24 DE 28	IES DE CATABOIS
---	-----------------	-----------------



Existen dúas técnicas básicas que tenden a facilitar a toma de decisións, sendo imprescindible considerar o peso na elección

- Elección de grupos vocacionais
- Elección dunha alternativa dentro do grupo vocacional

RECURSOS:

- Aula Virtual do IES de Catabois, onde hai unha selección de recursos para a OAP.
- Material elaborado polo Departamento dispoñible tamén na Aula Virtual.
- Algúns dos Test estandarizados que poderemos utilizar son:
 - cuestionarios de intereses vocacionais (KUDER-C...)
 - test de aptitudes diferenciais (DAT, TEA, PMA...)
 - test de aptitude intelectual xeral (CATTELL, D-48, TIG-2...)
 - inventario de hábitos de estudio (CETI, BAHMAE...)
 - test de personalidade (16 PF, HSPQ...)
 - cuestionarios de intereses profesionais (CIPSA, PP- Secundaria, Bacharelato.).
- Programa El-Orienta.

AVALIACIÓN

AVALIACIÓN CONTINUA

A Orientadora fará un seguimento tendo en conta comentarios do titor/a e do alumnado das actividades propostas atendendo aos seguintes criterios:

- Valoración que fai o alumnado das actividades propostas
- Valoración que fan os titores/as das actividades realizadas.

AVALIACIÓN FINAL

Finalizado o curso, procederase a realizar unha avaliación de carácter sumativo, que conduza ao mantemento, modificación ou eliminación dalgún bloque temático e/ou actividade, tendo en conta os seguintes criterios:

- Satisfacción por parte de titores/as, alumnos/as e familias
- Calidade dos procesos de interacción entre os participantes

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 25 DE 28	IES DE CATABOIS
---	-----------------	-----------------



- Adecuación das actividades propostas
- Adecuación dos materiais aportados

NIVEIS DA AVALIACIÓN

- Valoración por parte dos usuarios: alumnado e familias.
- Valoración do equipo de titores e titoras.
- Valoración do Departamento de Orientación

Como técnicas de avaliación empregárase a observación e comentarios dos participantes.

Como resultado da mesma realizaranse as modificacións do programado que sexan precisas. As modificacións realizadas, a súa xustificación e a proposta de actualización do POAP incorporárase á memoria do Departamento de Orientación.

Ferrol a 8 de setembro de 2023

Xefe/a de Departamento

Ana Belén García Caruncho.

ADAPTACIÓN DO PAT E DO POAP CURSO 2023-24	PÁXINA 26 DE 28	IES DE CATABOIS
---	-----------------	-----------------



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES. DE CATABOIS

Nif: Q6555339H - Tf: 881930233 - Fax: 881930241
Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL
e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesdecatabois>

